

MANIFESTO

Día Mundial das migracións: do compromiso á responsabilidade

Os movementos migratorios non son novos, existiron sempre en todo o mundo e ao longo da historia. Así, no período de finais do século dezanove e principios do vinte emigrou o sete por cento da poboación mundial, mentres que no 2006 fixérono máis de 200 millóns de persoas, é dicir, aproximadamente o tres por cento da poboación mundial, unha cifra superior á poboación de todo Brasil.

Tampouco son novas as razóns que levan a todas estas persoas a deixar atrás a súa casa, a súa familia e o seu país. A guerra, a ditadura e a fame provocaron que moitas españolas e españois se visen obrigados a facer as súas maletas. Polas mesmas causas, polas guerras, polas ditaduras e pola fame, están emigrando outras persoas no presente. O que cambiou nunhas poucas décadas é que Europa é, a día de hoxe, un referente global de paz, democracia e prosperidade.

Por iso este 18 de decembro é un día para o recoñecemento, para sinalar e agradecer o esforzo de todas as persoas que viñeron ao noso país e que están xerando máis oportunidades para os seus familiares, e máis crecemento tanto en España como nos seus países de orixe.

O esforzo, a xenerosidade, a contribución ao progreso de todas estas persoas é comparábel á dos cidadáns galegos e de todo o estado que tiveron que marchar no noso país.

Os traballadores inmigrantes axudaron a dinamizar a nosa economía de tal xeito que, lonxe de quitar traballo aos nativos, contribuíron a reducir o paro.

Queremos pedir ás institucións que loiten contra a fame mundial, a universalización da democracia e que se comprometan coa paz.

O racismo e a xenofobia, como o machismo e a homofobia, son tamén formas de violencia e por iso pedimos tolerancia cero.

Hoxe é un día para mobilizarse na defensa dos dereitos de cada ser humano, e posto que emigrar é un dereito, manifestamos a nosa repulsa contra quen trafica coa esperanza: contra as mafias internacionais e contra todo aquel que pretenda violar os dereitos dos traballadores.

Hoxe é tamén un día para a responsabilidade, para demandar que as organizacións internacionais estean á altura das expectativas da cidadanía: a Unión Europea atópase ante a obrigaón de construír e desenvolver unha política común de migracións.

Porque somos conscientes de que o que está en xogo é moito máis que o presente, é o futuro, os nenos e nenas de Santiago pedimos a toda sociedade que ACOLLA aos inmigrantes como eles recibiron a moitos dos nosos antepasados cando tiveron que emigrar.

Porque eles precisan de nós e nós precisámoslos a eles, berramos:

ACÓLLEOS!